



## CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e sete de novembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Lidia Salgueiro Piñeiro, D<sup>a</sup>. Alicia Martínez Blanco, D. José Angel Lodeiro Cancela, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D<sup>a</sup>. Angel Moldes Martínez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D. Manuel Domínguez Alvarez, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz e escusa a non asistencia a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse no Salón de Sesiós en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3746.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30 DE OUTUBRO DE 2012 NÚMERO 477.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria presente na sesión da acta da sesión anterior correspondente ao día 30 de outubro de 2012 e non formulándose observación ningunha contra a mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

Neste momento entra no Salón de Sesiós a Concelleira D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Villaverde Rosales.

3747.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3739.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE POIO PARA A CESIÓN DUNHA VIVENDA SITA EN RÚA PORTUGAL EN MONTEPORREIRO-PONTEVEDRA DENTRO DO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3740.- INTERVENCIÓN, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE (3º TRIMESTRE 2012).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención para a súa remisión aos órganos competentes da Comunidade Autónoma; 3741.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS EJERCICIO 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra; 3742.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE RELATIVA ÁS MEDIDAS RESPECTO AO RECOÑECEMENTO DAS DOENZAS VINCULADAS AO SECTOR DE MARISCADORAS A PÉ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería do Mar; 3743.- URBANISMO, EXP. 53/12.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE MANUEL OTERO PENA E D<sup>a</sup>. FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3744.- URBANISMO, EXP. 54/12.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBÉN D<sup>a</sup>. MARÍA ÁNGELES CALDAS CASTIÑEIRA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos

interesados.; 3745.- URBANISMO, EXP. 55/12.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E D<sup>a</sup>. DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.-Uniuise certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados.”.

A corporación dáse por enterada.

3748.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que conforman a orde do día; a corporación dáse por enterada.

3749.- INTERVENCIÓN, DECLARACIÓN DE CRÉDITO NON DISPOÑIBLE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía de data 7 de novembro de 2012 que textualmente di o seguinte: “Coñecido o contido do informe de Intervención de data 7 de novembro relativo a viabilidade de realizar a declaración como non dispoñible do crédito previsto para o abono da paga extraordinaria do mes de decembro. Se propón a adopción do seguinte ACORDO: Primeiro: aprobar a declaración de non dispoñibilidade do crédito orzamentario das seguintes aplicacións orzamentarias polos importes que se expoñen no anexo a presente proposta e que ascenden o importe total de 115.284,07 €. Segundo: dar conta do presente acordo a Intervención municipal para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias que correspondan.” e do informe da Intervención municipal de data 7 de novembro de 2012.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que ven motivado polo previsto no artigo 2º do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade e da nota informativa emitida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 5 de setembro de 2012, relativa á aplicación polas entidades locais de dito artigo.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Antes de proceder á votación do asunto o Concelleiro Martínez Blanco toma a palabra para manifestar que aproban a non dispoñibilidade de crédito por imperativo legal xa que ven recollido no Real decreto aprobado polo goberno central no mes de xullo, pero non están de acordo co destino que se lle vai dar a estes cartos xa que no mesmo texto legal establécese un destino para o 2015 na apertura dun plan de pensións para os empregados públicos o que quere dicir que estes cartos van ir parar ás entidades financeiras.

Non suscitándose debate ningún, o pleno da corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a non dispoñibilidade do crédito orzamentario das aplicacións orzamentarias que figuran no anexo que consta no expediente formado ao efecto e que ascenden ao importe total de 115.284,07 €.

**Segundo:** Dar conta do presente acordo á Intervención Municipal para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias que correspondan.

3750.- DAR CONTA E RATIFICAR ACORDO NÚMERO 10724 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12/11/2012, SOBRE SERVIZOS MÍNIMOS NAS EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS PÚBLICOS (CESPA-AQUAGEST), CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL 14 DE NOVEMBRO DE 2012.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e do acordo núm. 10724 de Xunta de Goberno Local de da 12 de novembro de 2012 sobre determinación servizos esenciais nas empresas concesionarias de servizos públicos pola convocatoria de folga xeral de 14 de novembro de 2012 que textualmente di o seguinte: “ Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número legal de membros, ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta da comunicación recibida da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos

sólidos urbanos, limpeza viaria e desratización, “Cespa, SA”, de data oito de novembro de 2012, número rexistro de entrada 5486, en relación á convocatoria de folga xeral para o vindeiro 14 de novembro de 2012, propoñen os servizos mínimos e o número de persoal a nomear.

Consta no expediente informe proposta do enxeñeiro municipal sobre as necesidades que deberán ser cubertas en distintas zonas do municipio do que se dá conta aos membros deste órgano colexiado.

A Xunta de Goberno Local estima que non atopándonos en tempada estival e convocándose por un só día a devandita folga xeral, non se estima necesario que o servizo prestado pola concesionaria “Cespa, SA” deba afectar ás zonas de restaurantes nos termos do informe do enxeñeiro municipal.

Así mesmo e con data 12 de novembro de 2012, ten entrada no rexistro, número 5535, comunicación da empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, “Aquagest, SA”, pola que solicitan do concello a determinación de servizo mínimos. Achegan a esta petición, copia do acordo adoptado entre representantes da devandita empresa e a secretaria do Comité Intercentros da empresa en Galicia, fixando con tal carácter como servizos a prestar dito día: “...Quedarán cubertos os servizos públicos de emerxencia que se prestan, en réxime de contrato público, coas dotacións que se prestan en domingos e festivos”.

Obra así mesmo informe do enxeñeiro municipal en relación ás necesidades que deberán ser cubertas pola devandita empresa no municipio.

Consta no expediente informe emitido pola secretaria xeral do Concello o 12 de novembro de 2012.

A secretaria pon de manifesto que de conformidade co establecido no art. 4 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, incúmrese o prazo mínimo para efectuar o preaviso do comezo de folga ou da adhesión á mesma, fixado en dez días naturais.

Non existindo debate ningún, para os efectos de comunicar ás devanditas empresas concesionarias o contido dos servizos esenciais fixados, dada a íntima conexión co dereito á saúde e ao medio ambiente (arts. 43 e 45 da Constitución), tendo o carácter de mínimo e obrigatorio en todos os municipios conforme ao art. 26.1º.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ao abeiro do establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número total, acordou:

Primeiro: Fixar como servizos esenciais a prestar por “Cespa, SA” a partires do día 14 de novembro de 2012 dende as 00:00 horas até as 24:00 horas, para o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e desratización do Concello de Poio, os que se relacionan no informe emitido polo enxeñeiro municipal de nove de novembro de 2012, debendo destinar o persoal proposto con data oito de novembro de 2012 (1 mando intermedio por quenda, dos peóns en quenda de mañá e un condutor e un peón na quenda de noite) para poder levar a cabo con normalidade o servizo nas seguintes zonas do municipio:

- Centros de saúde.
- Sanatorio da Merced e Centro Xeriátrico Ballesol.
- Entorno de todas as escolas do municipio.

Segundo: Fixar como servizos esenciais a prestar por “Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA”, a partir do día 14 de novembro de 2012 dende as 00:00 horas até as 24:00 horas, para o servizo de abastecemento e saneamento de auga potable os de emerxencia que se prestan en réxime de contrato público, coas dotacións que se prestan en domingos e festivos, nos termos do informe proposta do enxeñeiro municipal o nove de novembro de 2012.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ás referidas empresas lembrándolles que deberán dar publicidade adecuada e suficiente do exercicio do dereito de folga polos traballadores aos usuarios do servizo nos termos do art. 4 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, con indicación de que contra o mesmo que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao daquel no que se producise o acto presunto. Este recurso poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando o demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-

administrativo no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da referida Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente

Cuarto: Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos da súa ratificación conforme ao establecido no Regulamento Orgánico Municipal.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa ratificación.”

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Ratificar o acordo número 10724 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 12 de novembro de 2012, de conformidade co establecido no artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal.

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ás persoas concesionarias do servizo con indicación de que contra o mesmo pódese, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

**Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.**

Neste momento entra no Salón de Plenos o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

3751.- DAR CONTA E RATIFICAR DO ACORDO 10725 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12/11/2012, SOBRE MOCIÓN CONXUNTA GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 14 DE NOVEMBRO DE 2012 PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O TRABALLO EN GALIZA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e do acordo núm. 10725 de Xunta de Goberno Local de da 12 de novembro de 2012 sobre a moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG e PSOE de apoio á folga xeral do 14 de novembro para impulsar a economía e o traballo en Galicia que textualmente di o seguinte: “ Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número legal de membros, ao abeiro do establecido no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta da Moción conxunta presentada polos grupos municipais BNG e PSOE en apoio á folga xeral do vindeiro 14 de novembro de 2012 na que se di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A destrución de emprego avanzou de xeito imparábel desde o inicio da actual crise económica. As políticas emprendidas agravaron aínda máis a situación de miles de persoas no noso país, ao tempo que protexen aos verdadeiros culpábeis da actual desfeita económica e social.

100.000 persoas máis ficaron sen emprego en Galiza neste período de crise económica, superando xa as 267.000, un 20 por 100 da poboación activa. As decisións políticas que se están a adoptar están a ter unha influencia decisiva no empeoramento das condicións de vida das maiorías sociais. Cada nova “reforma” supón un recorte en servizos públicos e

un retroceso en conquistas sociais.

A democracia tamén está a ser abatida co pretexto da crise. Cada vez é máis evidente que se goberna en institucións e organismos afastados, que non están sometidos ao referendo popular. Quen decide realmente non ten que dar contas, e os gobernos que son escollidos en procesos electorais, simplemente se adican a cumpriren os mandatos, sen atreverse a retrucar ningunha das imposicións dos grandes poderes financeiros que perseguen. Os Gobernos do PP en Madrid e Galiza coidan non só de que a crise non afecte a ditos poderes, senón tamén para que a paguen as maiorías sociais, asumindo restricións, pagando indiscriminadamente máis impostos para sanear os balances da banca privada.

O FMI, o BCE, a UE, deseñan a política económica. Rajoy e Feijoo límitanse a executar, aplicando receitas fracasadas, ineficaces, que sitúan xa a unha ampla maioría de persoas a carón do abismo, sen traballo nin rede social de cobertura.

Canto máis se alonxan os centros de decisión, máis inxustas son as políticas adoptadas, máis se agudiza a crise económica.

Saír da crise económica para moitas galegas e galegos significa poder ter un traballo. E poder xerar emprego para eses miles de persoas que aspiran a telo só poderá vir da man de reactivar os sectores produtivos básicos da nosa economía, para o que precisamos ter maior capacidade de decisión en Galiza para darlles apoio e orientalos polo camiño dun desenvolvemento sustentábel.

Galiza ten ferramentas para superar a crise: recursos, coñecemento e vontade de moitas persoas para saír adiante con éxito. Mais ten que ter capacidade para exercelas, ten que poder exercer a súa soberanía económica para xerar emprego e benestar para as maiorías sociais de Galiza.

O vindeiro 14 de novembro temos unha oportunidade de reivindicar unha saída xusta á crise. A prol das galegas e galegos e non dos mercados financeiros. A prol de que Galiza avance nun desenvolvemento económico e social parello á mellora das condicións de vida das maiorías sociais.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 14 de novembro polas organizacións sindicais representativas e para impulsar a economía e o traballo en Galiza”.**

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número total de membros, e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acordou:**

**Primeiro:** Prestar aprobación á devandita Moción presentada e manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocada para o 14 de novembro polas organizacións sindicais representativas e para impulsar a economía e o traballo en Galicia.

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos da súa ratificación, de conformidade co artigo 16 d) do Regulamento Orgánico Municipal.”

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do P.P. acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa ratificación. ”

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación por 10 votos a favor do BNG e PSOE, 7 votos en contra do PP e ningunha abstención queda aprobado o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Ratificar o acordo número 10725 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 12 de novembro de 2012, de conformidade co establecido no artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal.

3752.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA ÁS MEDIDAS RESPECTO Á DRAGAXE DO PORTO DE CAMPELO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais PSOE e BNG, de data 10 de outubro de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral o día 30 de outubro de 2012 relativa ás medidas respecto a dragaxe do porto de Campelo, que textualmente di o seguinte : “Actualmente as infraestruturas do porto de Campelo están a dificultar o desenrolo da actividade pesqueira e de marisqueo que se desenrola no mesmo.

A imposibilidade de entrar no porto con maré baixa, como consecuencia da acumulación de fangos, esta afectar a realidade diaria das tres confrarías que desenrolan o seu traballo na lonxa.

Moitas embarcacións de marisqueo a flote teñen que agardar horas para poder acceder as instalacións portuarias por falta de dragaxe.

Esta situación esta dificultando esta tendo consecuencias negativas tamén para a lonxa conxunta das tres confrarías, pois non poden comezar coa subasta de marisco e peixe pola demora dos barcos en chegar ao porto.

Diante desta situación o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno.

O Pleno do Concello insta ao Goberno Galego a:

1. Dotar ao porto de Campelo dun pantalán e das tan necesarias actuacións de dragaxe.
- 2, Instar a Portos de Galicia a que de unha resposta, e que valore a súa vontade de reunirse coas confrarías para coñecer a súa realidade e que adopte as medidas oportunas para mellorar as infraestruturas do Porto.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción indicando que o porto de Campelo está moi saturado e que moitas veces non poden entrar nin saír as embarcacións de marisqueo.

O Sr. Moldes Martínez di que existe un problema co tema da dragaxe xa que ao parecer podería afectar á marxe de enfrente. Estase a expensas dun estudo sobre as correntes. Está claro que son necesarias as actuacións pero hai que esperar ao informe de costas.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que alí non hai correntes, é unha charca.

A Sra. Caldas Moreira manifesta que no ano 2010 formulouse unha pregunta sobre este tema ao Parlamento pero non houbo resposta.

O Sr. Moldes Martínez di que en realidade non existe unha pregunta formal das tres confrarías para a dragaxe do porto de Campelo.

O Sr. Barreiro Lubián di que existe un compromiso verbal.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Antes de comezar o debate a Concelleira Caldas Moreira presenta un escrito, para unir ao expediente asinado pola patroa maior da Confraría de Pescadores de San Telmo de Pontevedra no que amosa o apoio á moción da corporación municipal do Concello para que inste á Xunta de Galicia á dragaxe do Porto de Campelo.

A Sra. Besada Lores intervéñe e manifesta que coa presentación da moción trátase de solucionar un problema arrastrado de hai anos, xa demandado na anterior lexislatura, porque hai mariñeiros que teñen as súas embarcacións noutros portos de pesca, ademais existe un compromiso do actual Conselleiro, de dar prioridade aos portos de pesca.

O Sr. Moldes Martínez di que o Grupo Municipal Popular está de acordo na dragaxe do Porto de Campelo, existindo unha total predisposición da Xunta de Galicia para darlle solución pero temos que esperar aos informes sectoriais necesarios xa que neste caso interveñen outras administracións como pode ser o Ministerio de Costas e hai que solicitar informes medio-ambientais.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a actuación é necesaria e realmente falar dun estudo minucioso cando nos estamos a referir ao Porto de Campelo, que é tan pequeno, parece de risa, o que hai que ter é vontade de facer esta actuación que non é comparable con outras.

O Sr. Villaverde Méndez di que na actualidade está subido de altura provocado pola acumulación de cunchas, fungo, area... que ás veces provoca as propias embarcacións dos mariñeiros e hai que sanealo iso é evidente e imprescindible, pero os informes sectoriais hai que pedilos, e xa se fixeron labores de dragaxe hai anos.

A Sra. Caldas Moreira manifesta que no Parlamento de Galiza cando se tratou este tema o único problema que se plantexou era que non existe presuposto para o seu financiamento.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar ao Goberno Galego a dotar ao porto de Campelo dun pantalán e das tan necesarias actuacións de dragaxe.

**Segundo:** Instar a Portos de Galicia a que de unha resposta, e que valore a súa vontade de reunirse coas confrarías para coñecer a súa realidade e que adopte as medidas oportunas para mellorar as infraestruturas do Porto.

3753.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE DE REXEITAMENTO DO PROXECTO DE LEI DE TAXAS XUDICIAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais BNG e PSOE de data 10 de outubro de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral o día 13 de novembro de 2012 de rexeitamento do proxecto de Lei de Taxas Xudiciais, que textualmente di o seguinte: “Como sabedes, estase a tramitar no Congreso dos Deputados, unha lei de Taxas Xudiciais, que se pretende entre en vigor para finais deste mes de Novembro ou para primeiros de ano. Este proxecto de lei, tal e como o Goberno do PP pretende que se aprobe, supón excluír da administración de Xustiza aos cidadáns que non poidan pagar. Así, de aprobarse o proxecto en trámite, pasaremos dunha Xustiza para todos, a unha Xustiza na que o cidadán só será atendido se antes pasa pola caixa.

O Proxecto de Lei de Taxas Xudiciais, que se está a tramitar pola vía de urxencia logrou o rexeitamento xeneralizado de toda a oposición, ademais de todos os ámbitos da Xustiza, dende o funcionariado, pasando polos avogados, procuradores e xuíces. Xa dende o Consello Xeral do Poder Xudicial advirtiuse da inconstitucionalidade do proxecto de lei, por vulnerar un dereito fundamental como é o da Tutela Xudicial Efectiva e o principio de Igualdade de todos e todas perante a Lei.

Así, tanto os autónomos, coma os profesionais, mil-euristas ou calquera persoa cun salario de pouco máis de 1.000 € ao mes, terán pechadas as portas da Xustiza e terán que pagar para que un xuíz lle asista, terán pechadas as portas da xustiza para defender seus intereses lexítimos.

Dende os Grupos Municipais Socialista e BNG, queremos poñer o acento na motivación que leva ao Goberno do PP, co seu ministro de Xustiza como paladín da reforma. Esta motivación non é a autosuficiencia da xustiza gratuíta, que podería ser conquerida doutros xeitos (xestionando máis eficientemente o servizo, evitando os abusos...) senón que o que se pretende é expulsar da Administración de Xustiza ás clases medias. Con esta Lei, só poderán acudir a Xusticia as grandes corporacións, as clases acomodadas e os beneficiarios da xustiza gratuíta, que cada vez son menos, xa que cos novos baremos introducidos son cada vez menos cidadáns os que teñen acceso.

O proxecto de lei de Taxas Xudiciais non é unha medida recaudatoria. É sobre todo unha medida ideolóxica, pois para o Sr. Gallardón e o Goberno do PP os dereitos fundamentais son un luxo que os cidadáns deben pagar, e ademais, caro.

En consecuencia, propoñemos que o Pleno deste Concello adopte os seguintes **ACORDOS**: 1º. O rexeitamento do Proxecto de Lei de Taxas por vulnerar os dereitos fundamentais, da tutela xudicial efectiva e o principio de igualdade dos cidadáns ante a lei.

2º Demandar da Xunta de Galiza que rexeite diante do Goberno do Estado o Proxecto de Lei de Taxas por vulnerar dereitos fundamentais, a tutela xudicial efectiva e a igualdade da cidadanía diante da lei.

3º. Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno da Xunta de Galiza, Goberno de España, e aos grupos políticos do Congreso e do Senado e Parlamento Galego.”

O Sr. Barreiro Lubián di que evidentemente é unha medida que vai en contra os dereitos da clase media. Non soamente tes que pagar as túas taxas senón tamén as do contrario se perdes. Isto pode provocar que ante situacións as cousas se arranxen por outra vía que non sexa a xudicial.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do P.P. Acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG a Sra. Díaz Iglesias a que explica a motivación para a presentación conxunta do moción en contra da subida das taxas xudiciais que supón un novo retroceso dos piares do benestar.

A Sra. Besada Lores manifesta que o Grupo Municipal Socialista rexeita a aprobación desta nova lei, aínda que xa está aprobada, cando se presentou aínda non, Estas novas taxas permitirán que soamente se poida defender unha clase, a alta porque, fará que desapareza a clase media. Nesta medida hai que ter en conta que ata o grupo dos xuíces e xuristas se manifestaran en contra da aprobación desta lei.

O Sr. Barreiro Lubián di que estas medidas son totalmente ideolóxicas e non recaudatorias e dúas empresas que se van beneficiar de todo isto, a banca e as compañías de seguros. Os servizos públicos xa non van ser para todos, soamente para aqueles que teñen poder adquisitivo. Nesta nova lei, hai plantexamentos absurdos para poder recorrer, xa que os procedementos custan o dobre do que se reclama.

O Sr. Martínez Blanco di que este goberno, do que vos volvedes cómplices, trata de cargarse a función pública que é a que garante a igualdade e dereitos dos cidadáns, con este plantexamento chegaremos a situación de EEUU na que a xustiza é tratada como unha empresa privada.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e por 10 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 7 abstencións do PP o pleno da corporación aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Rexeitar o Proxecto de Lei de Taxas por vulnerar os dereitos fundamentais, da tutela xudicial efectiva e o principio de igualdade dos cidadáns ante a lei.

**Segundo:** Demandar da Xunta de Galiza que rexeite diante do Goberno do Estado o Proxecto de Lei de Taxas por vulnerar dereitos fundamentais, a tutela xudicial efectiva e a igualdade da cidadanía diante da lei.

**Terceiro:** Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno da Xunta de Galiza, Goberno de España, e aos grupos políticos do Congreso e do Senado e Parlamento Galego

3754.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte acordo: “Dáse conta do escrito da Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra invitando ao Concello de Poio a adherirse ao Convenio de colaboración entre a FEMP e a DGT para o intercambio de información e colaboración administrativa en materia de xestión dos censos de condutores e vehículos e da xestión tributaria do IVTM e do informe da secretaria xeral de data 14 de novembro de 2012.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do convenio indicando que se trata de facilitar ao cidadán a tramitación do cambio de domicilio.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Solicitar a adhesión íntegra ao Convenio de Colaboración entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

**Segundo:** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do devandito convenio.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra.

3755.- NOVO BORRADOR DO CONVENIO A SUBSCRIBIR POLOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, SANXENXO, POIO, MARÍN E VILABOA COA SOCIEDADE ESTATAL DE “AGUAS DE LAS CUENCAS DEL NORTE, SA” (AQUANORTE) PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ACTUACIÓN “NUEVO ABASTECIMIENTO DE AGUA A PONTEVEDRA Y SU RÍA”.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e da nova versión do Convenio a subscribir polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa Sociedade Estatal de Augas da Cuenca do Norte S.A., e dos informes emitidos pola Intervención Municipal de data 7 de novembro de 2012 e pola Secretaría Xeral de data 14 de novembro de 2012.

A interventora explica que se volve a traer o expediente en virtude do novo esquema financeiro que se deriva do novo borrador, explicando as aportacións que tería que aportar o Concello de Poio e que serían as seguintes: “ o financiamento do proxecto, de concertarse a operación de endebedamento, a aportación real o final do período exposto, do Concello de Poio sería de 3.204.268,04€ (contía que resulta da suma dos 1.509.535,75€ de cotas de amortización e intereses do préstamo durante 25 anos) mais 1.694.732,29€ ( compoñente fixa da tarifa a aboar por o Concello durante 45 anos) mais os gastos xerais da



Sociedade Estatal na parte que lle correspondan a actuación no noso Concello así como os deterioros de valor da estrutura hidráulica que se puideran producir durante a súa vida útil e os gastos de funcionamento, explotación e conservación da estrutura hidráulica e calquera outro relacionado cos anteriores tales como cánones, impostos, indemnizacións.... Etc nos que puidera incurrir ACUANORTE.

No caso de non poder subscribir a mencionada operación de endebedamento a contía a aportar ascendería a suma dos 865.290,87€ a aportar directamente por o Concello nas anualidades 2012-2014 (coa dificultade previamente mencionada de que se teña capacidade económica para sufragar estas contías) e 1.694.732,29€ (parte da compoñente fixa da tarifa a aboar por o Concello durante 45 anos) mais o resto de gastos mencionados anteriormente.”

O Sr. Martínez Moldes pregunta se sería a partes iguais en todos os Concellos xa que nalgúns poden xurdir problemas.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que entende que non, serían cousas que saíran fóra do proxecto de obra realizado pola empresa concesionaria.

Seguen insistindo que poden vir máis fondos da U.E. De outros proxectos que non se van a realizar.

É unha obra que hai que acometer xa que a nosa canalización de auga non aguanta outros 10 anos máis.

O Sr. Rodríguez Grandal pregunta polas garantías da obra.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que se fixo con éxito en Valladolid e que se fai nos países nórdicos desde hai tempo e que dá resultado.

A Comisión por 4 votos a favor do PP, ningún voto en contra e 3 abstencións do P.P. Acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

O Sr. Barreiro Lubián antes de procederse á votación do asunto realiza unha breve explicación das causas polas que se realiza unha nova aprobación do borrador.

Non suscitándose debate ningún o pleno por 10 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gober nación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o novo borrador do Convenio a subscribir polos Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Vilaboa coa Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, Sa para a construción e explotación da actuación “Nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría”, segundo a nova redación derivada da modificación 4ª do Convenio de Xestión Directa.

3756.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gober nación e Contas na súa sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción presentada de data 15 de novembro de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral o día 16 de novembro de 2012 que do textualmente o seguinte: “ A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafuzamentos que nos pon diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e persoas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar, con casos tan vergoñentos como o desafuzamento de de familias ás que apenas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español autorizou en Galiza o desafuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas.

De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias dos seus arriscados negocios inmobiliarios, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía, ao empresariado autónomo, nin ás PEMES, pero en cambio son intransixente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.

Diversas organizacións políticas, sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas lexislativas e sociais para impedir este desaforo, medidas para atender os casos máis dramáticos, evitar o desamparo das persoas e familias en

situación económica extrema. Por todo isto, os grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, con carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:

- Contemplan a dación en pago -regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar sen execución hipotecaria a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que non fora pactado ao formalizarse a hipoteca- ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.

- Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.

Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos ..

- Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.

- Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.

- I - Instar ao Goberno Central para que adopte as medidas necesarias para evitar os desafiuzamentos no caso de vivendas en aluguer, coa retirada da anteproxecto de lei para a dinamización da vivenda en aluguer, que prevé desafiuzamentos en 10 días, co fin de mellorar a protección da cidadanía en momentos de tribulacións económicas.

- - Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:

- Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.

3. Instar á Xunta de Galiza á

- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.

- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.

4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:

- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudar a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministros básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.

- Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e ser refira á vivenda única e habitual.

- Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.

- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.

No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dita moción e propón ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas nos seus propios termos.

3757.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa

sesión realizada o 19 de novembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía de data 16 de novembro de 2012 que, textualmente, di o seguinte “ Dado o tempo transcorrido dende a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal (BOP nº 3 de 4 de xaneiro de 1996), son moitas as reformas que se teñen operado sobre o bloque normativo aplicable ás entidades locais, afectando moi especialmente ao réxime competencial entre órganos necesarios.

A elo únese as demandas que apropia operatividade, funcionamento ordinario e simplificación de procedementos, impoñen sobre tal réxime, debendo eliminar rixideces innecesarias.

Polas razóns expostas, esta Alcaldía, sen perxuízo dunha revisión máis profunda do conxunto do texto, considera necesario modificar o contido do Capítulo II "Comisión de Goberno" e así :

– A denominación do propio capítulo e órgano colexiado deberá ser substituído por Xunta de Goberno Local (art. 20.1º.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, en adiante LBRL). Da mesma forma deberán eliminarse as referencias que coa mesma denominación aparecen nos arts. 1, 2, 15, 16, 17 , 18 e 19 do Regulamento.

– As funcións encomendadas serán xunto coas previstas na lexislación aplicable, as conferidas en cada momento mediante decreto de Alcaldía. Polos motivos de operatividade apuntados, é convinte que a Xunta de Goberno Local poda seguir facultado para adoptar acordos en materia de competencia plenaria, por razóns de urxencia, dando conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre, para os efectos da súa ratificación.

– A celebración das sesións da Xunta de Goberno Local levarase a cabo os luns, no horario que sexa fixado por Decreto de Alcaldía.

– O número de Tenentes de Alcalde é o propio dos concellos nos que a existencia de Xunta de Goberno Local é obrigatoria.

Da mesma forma, é necesario adaptar o réxime de celebración das sesións plenarias por terse elixido libremente que dentro do mínimo previsto na normativa, teña lugar non cada dous, senon todos os derradeiros martes de cada mes, as dazanove trinta horas con excepción do mes de agosto tal e como se ten acordado na sesión celebrada polo pleno dando cumprimento ao sinalado no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Desta forma e xunto cos meros cambios nominativos nos artigos de referencia, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o Regulamento orgánico municipal:

– Capítulo II e artigos 1,2,15, 16, 17 , 18 e 19, onde di "Comisión de Goberno" debe decir "Xunta de Goberno Local".

– O artigo 4.a) queda redactado como segue: "As sesións ordinarias realizaranse cada mes, coincidindo co derradeiro martes do mes, as dazanove horas e trinta minutos (19:30 horas), agás no mes de agosto no que non se celebrará sesión ordinaria; e se coincidira en día festivo trasladarase ó día seguinte hábil á mesma hora".

– Al térzase parcialmente a redacción do artigo 16 na forma seguinte:"ARTIGO 16.- Corresponden á Xunta de Goberno Local:

.....

b) As atribucións que a Alcaldía lle delegue mediante decreto en cada momento.

...

e) Sen contido(...)".

– O primeiro parágrafo do artigo 17 queda redactado como segue: "A Xunta de Goberno Local realizará sesión ordinaria todas as semanas, no día e horario determinado mediante decreto da Alcaldía".

– O Artigo 18 queda redactado como segue: "Os Tenentes de Alcalde serán nomeados e removidos libremente pola alcaldía entre os membros da Xunta de Goberno Local, substituíndoo pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade".

Segundo.- Someter o expediente a un prazo de exposición pública mediante trinta días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentase alegación ou reclamación ningunha, entenderase adoptado definitivamente o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- Publicar o acordo xunto co texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata a súa completa publicación e transcurso do prazo previsto no art. 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.” e do informe da secretaria xeral de data 16 de novembro de 2012.”

O Sr. Barreiro Lubián explica que son modificacións de cousas puntuais. É unha adaptación do Regulamento á normativa actual.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas nos seus propios termos.

3758.- MOCIÓN EN RELACIÓN COA DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO 25 DE NOVIEMBRE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte na súa sesión extraordinaria realizada o 15 de novembro de 2012 e que di textualmente: “De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e PsdG/ PSOE do Concello de Poio, desexa someter a consideración da Comisión de Cultura seguinte moción. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terrible da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das Administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas.

Malia os esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro, desmantelamento dos servizos públicos e os recortes nos orzamentos dos gobernos estatal e autonómico en políticas de igualdade e sensibilización, está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar ás mulleres que deciden dar o paso: a axuda coñecida como salario da liberdade, chegou en 2010 a 369 mulleres e só a 251 en 2011.

A incerteza sobre a continuidade da gratuidade da xustiza e a suba de taxas xudiciais a particulares, que cuestionan o dereito á tutela xudicial, pode influír na decisión de interpoñer unha denuncia. Hai que lembrar que en Galiza, dende 2009 redúcense cada ano as denuncias, tanto en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, como na porcentaxe que supón das denuncias no Estado, do 4,5% en 2009 ao 3,8% en 2011, sen que esta redución se poda achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Seguen sen desenvolverse medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas. Unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

Moitos concellos teñen sido pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a vivir sen violencia.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a:

1. Mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero.
2. Desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos, axilizar os trámites necesarios para a inmediata posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para as vítimas e impulsar os órganos consultivos e de participación que recolle a devandita lei.
3. Garantir a tutela xudicial das vítimas evitando a disuasión económica das taxas xudiciais.

4. Esixir do Goberno do Estado que non reduzan os orzamentos, os programas, actuacións nin servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender ás mulleres e aos menores vítimas directas ou indirectas desta lacra social.

A Corporación municipal acorda dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación por 10 votos a favor do BNG e PSOE, 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte nos seus propios termos.

3759.- URBANISMO, EXP. 365/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE COMBARRO, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO, NA PARCELA 009, RÚA DO MAR, 46-COMBARRO.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminado, antes da convocatoria, por ningunha comisión informativa, a que queda aprobada por unanimidade de asistentes.

A continuación, pola Secretaría presente na sesión procédese a dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Seguemento do Plan Especial e do Catálogo de Edificios e Conxuntos de Combarro informado na súa sesión ordinaria realizada o 27 de novembro de 2012 e que di textualmente: “**EXP. 365/11.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE COMBARRO, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO, NA PARCELA 009, RÚA DO MAR, 46 DE COMBARRO -POIO - APROBACIÓN DEFINITIVA.**

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente: “Visto o Proxecto de modificación Puntual, redactado polo Arquitecto Rodrigo Curras Torres e entregado no Concello o 25/03/2011, e visado polo Colexio de Arquitectos de Galiza el 23/03/2011 e o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e da Lei 9/2006, de 28 de abril, Lei 6/2007, de 11 de maio, Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 8/1995, de 30 de outubro, e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o disposto no Plan Especial de Combarro, teño a ben informar o seguinte:

**Primeiro.-** O proxecto de modificación puntual, redactado polo arquitecto Rodrigo Currás Torres, e visado o 22 de marzo de 2010, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local e sometido a información pública non presentándose alegación algunha contra o mesmo.

**Segundo.-** Dando cumprimento ó informe emitido pola Consellería de Cultura con data 18 de xuño de 2012, confeccionouse o refundido do proxecto de modificación puntual e ditame da Comisión Informativa de seguimento do Plan Especial de data 31 de xullo de 2012, por oficio da Alcaldía de 2 de agosto de 2012, a novo informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, habendo tido entrada no rexistro do porteiro único da Xunta de Galicia, do Concello de Poio, o 6 de agosto de 2012, como trámite previo á aprobación definitiva.

**Terceiro.-** De conformidade co disposto no artigo 45.1 e 3, da Lei 8/1995, de 30 de outubro de Patrimonio Cultural de Galicia, da Consellería de Cultura tiña o prazo de 3 meses que finalizou o 6 de novembro de 2012, para emitir o correspondente informe, e transcurrido dito prazo enténdese que o informe é positivo, polo que, pode continuarse coa aprobación deste expediente.

Por todo isto, de conformidade co informe desta asesoría de 3 de maio de 2010, que consta no expediente pode o pleno do Concello, por maioría simple, proceder á aprobación definitiva desta modificación puntual do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro, na parcela 009, de rúa do Mar 46, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local debéndose proceder a publicar o acordo de aprobación definitiva no DOGA e a modificación da Ordenanza no Boletín Oficial de Pontevedra e notificando o acordo que se adopte á Consellería de Ordenación do Territorio aos efectos dispostos no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro e a Consellería de Cultura, e notificándose igualmente ó titular da parcela. ”

E previa lectura do informe emitido pola Secretaría Xeral do Concello que di textualmente: “**Asunto: proxecto refundido para a modificación puntual do plan especial do casco histórico de Combarro.**

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Mos, de conformidade có establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o

seguinte

## INFORME

Antecedentes de feito máis destacados

– Informe de secretaría de 27 de xullo de 2012 elevado á consideración da Comisión informativa de seguemento do Plan Especial e do Catálogo de Edificios e Conxuntos de Combarro no que se ditaminou a remisión do texto refundido presentado á consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para os efectos de misión de informe.

– Dita petición, número rexistro de saída 1941 de 6 de agosto de 2012, ten entrada nesa mesma data no rexistro portelo único da Xunta de Galicia, sen que ata a data de emisión do presente informe se teña incorporado ao expediente.

– Acredítase a través de copia do anuncio publicado no DOG nº 118 de 21 de xuño de 2012 e no Diario de Pontevedra de 16 de maio de 2012 e no Faro de Vigo de 22 de maio de 2012, do cumprimento do establecido no art.86.1º.a) LOUGA, sen que se teña presentado alegación ou reclamación ningunha segundo se desprende do expediente e da certificación de secretaría de 29 de agosto de 2012.

– Obra igualmente documentación xustificativa da práctica da notificación do acordo de aprobación inicial á quen se identifica como titular da parcela no que se empraza o ben inmovible afectado, Mercedes Gómez Carballa. Segundo a documentación gráfica e descriptiva incorporada con data 23 de xaneiro de 2012, a interesada é mera usufructuaria, correspondendo a titularidade da nuda propiedade a D. Diego Piñeiro Gómez, sen que se lle teña practicado notificación ningunha do acordo de XGL na forma indicada no art. 86.1º.a) LOUGA, por terse personado Dª Mercedes Gómez Balea como propietaria da parcela.

– Informe do asesor xurídico de 14 de novembro de 2012.

Consideracións xurídicas.

– En relación aos antecedentes de feito descritos e a falta de emisión de informe pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos establecidos no art. 83 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tal e como lembra o Tribunal Supremo, Sala Terceira do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª, en sentenza de 24 de novembro de 2011 (fundamento xurídico cuarto):

“...

4º) La sentencia recurrida anuló el acuerdo por el que se aprobaba el Plan General basándose en la ausencia del citado Informe, sin tener en cuenta que el mismo había sido solicitado, infringiendo con ello lo dispuesto en el [artículo 83 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre \(LA LEY 3279/1992\)](#), de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común, en el que se establece que "si el informe debiera ser emitido por una Administración Pública distinta de la que tramita el procedimiento en orden a expresar el punto de vista correspondiente a sus competencias respectivas, y transcurriera el plazo sin que aquél se hubiera evacuado, se podrán proseguir las actuaciones. El informe emitido fuera de plazo podrá no ser tenido en cuenta al adoptar la correspondiente resolución".

La [Ley 8/1995, de 30 de octubre \(LA LEY 4186/1995\)](#), del Patrimonio Cultural de Galicia, no recoge plazo para la emisión del citado informe, por lo que debe estarse a lo que dispone el [artículo 83.2 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre \(LA LEY 3279/1992\)](#) ("los informes serán evacuados en el plazo de diez días, salvo que una disposición o el cumplimiento del resto de los plazos del procedimiento permita o exija otro plazo mayor o menor"). Debe tenerse en cuenta, además, que si bien la [Ley 9/2002, de 30 de diciembre \(LA LEY 107/2003\)](#), de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia establece en su artículo 85.3 que los informes sectoriales que resulten necesarios, salvo que la legislación sectorial señale otro plazo, habrán de ser emitidos en el plazo máximo de un mes, el Secretario del Ayuntamiento de Boiro certificó la ausencia del informe de la Consejería de Cultura el 15 de abril de 2003, esto es, cuando habían transcurrido más de dos años desde su solicitud.

Por todo ello resulta evidente que, no habiendo sido emitido el informe, la Administración municipal podía proseguir la tramitación del expediente, sin que la ausencia del mencionado informe pueda ser considerada causa de nulidad del Plan General aprobado, lo que comporta la estimación del motivo de casación...”.

Na mesma forma se pronuncia o asesor xurídico no seu informe de 14 de novembro de 2012 quen indica ademais o réxime previsto no art. 45 da Lei 8/1995, de 30 de outubro de patrimonio cultural de Galicia, para considerar que o prazo para emitir o informe é de tres meses no caso de plan especial que regule conxunto histórico-artístico e o sentido favorable nos casos de silencio.

Non obstante e pese a ter sido solicitado en informe desta secretaría de 21 de xullo de 2011, deberíase acreditar a innecesariedade de contar co informe sectorial en materia de Costas.

– Igualmente dos antecedentes de feito dedúcese que por terse personado como propietaria Dª Mercedes Gómez Balea sen selo, a notificación individualizada como titular catastral realizouse exclusivamente á mesma. Máis unha análise da

documentación catastral pon de manifesto que existe outro titular catastral que ostenta a nuda propiedade, D. Diego Piñeiro Gómez. Polo que deberíase conceder o trámite de audiencia marcado na normativa urbanística.

– En relación ao procedemento a seguir unha vez emendadas as deficiencias advertidas e o disposto no art. 86.1º.c) LOUGA, non existindo alteración ningunha respecto do xa informado anteriormente por esta funcionaria, o procedemento seguido adaptárase á lexislación vixente e en canto á motivación última da modificación proposta e o interese público previsto, con data 21 de xullo de 2011 indicábase expresamente:

“...O informe da arquitecto municipal de 22 de setembro de 2010 refírese expresamente a tal cuestión e sinala:

“Xustifícase o interese da modificación puntual xa que a restitución do soportal considérase un elemento tradicional preexistente recuperable obxecto de interese de acordo coa natureza e obxetivos do propio Plan Especial de Protección

Por outra banda xustifícase na resuperación dun elemento arquitectónico presente noutras fachadas da rúa do Mar e, en xeral, noutras rúas do conxunto histórico”.

Motivación que para o interese público deberá ser reflectida expresamente no acordo que se adopte polos órganos competentes municipais na aprobación inicial e definitiva....”.

O expediente deba ser aprobado definitivamente polo pleno (art. 22.1º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local) por maioría simple.

Tendo sido previsto o Plan Especial no PXOM, non é necesario o informe previo da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Urbanismo ao que se refire o art. 86.1º.d) LOUGA.

O acordo de aprobación definitiva deberase publicar no DOG no prazo máximo dun mes dende a súa aprobación, e a modificación da ordenanza no BOP, debendo ser remitida comunicación da aprobación a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Urbanismo xunco cunha copia autenticada de dous exemplares da modificación con todos os seus planos e documentos, dous en lingua castelá e dous en lingua galega (art. 92 LOUGA).

Polo que en virtude do exposto, debe acreditarse no expediente a concesión de trámite de audiencia ao propietario do terenos afectado, D. Diego Piñeiro Gómez previa notificación individualizada na forma prevista no art. 86.1º.a) LOUGA, prazo durante o cal se se estima por convinte, poderase requirir á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que emitan de forma expresa o informe favorable sobre a modificación proposta, debendo quedar acreditado no expediente a innecesariade de contar co informe sectorial en materia de Costas. Poio, 26 de novembro de 2012. A secretaria, Paula Ramos Díaz ”

Esta Comisión acorda:

**Primeiro:** Informar favorablemente a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e que se pase ó Pleno desta Corporación.

**Segundo:** Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

**Terceiro:** Comunicar este acordo á Consellería de Cultura e Turismo ”.

Consta no expediente solicitude de data 27 de novembro de 2012 coa mesma data de Rexistro número 5842 presentada por D. DPG no que solicita que se continúe coa tramitación da modificación puntual do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Antes de proceder a votación do asunto, pola Secretaria presente na sesión ponse de manifesto que se emitirá o correspondente informe en relación a nova solicitude presentada.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

**Segundo:** Publicar no DOG no prazo máximo dun mes dende a súa aprobación, e a modificación da ordenanza no BOP, debendo ser remitida comunicación da aprobación a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Urbanismo xunco cunha

copia autenticada de dous exemplares da modificación con todos os seus planos e documentos, dous en lingua castelá e dous en lingua galega (art. 92 LOUGA).

**Terceiro:** Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c) e á Consellería de Cultura e Turismo.

3760.- URBANISMO, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DE INSTALACIÓNS NAUTICO DEPORTIVAS E RAXÓ.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria do acordo número 9568 adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión realizada o 12 de setembro de 2011 na que se informou favorablemente a construción e explotación de instalacións náuticas deportivas en Raxó e que previamente a dita construción deberase de resolver o vial de acceso dos vehículos ao porto e que teña continuidade pola avda. Ramón Encinas aos viais de Sanxenxo, ademais deberase de ter en conta que por dito vial circularán vehículos pesados para o transporte de barcos. Tamén se deberá de resolver o aparcadoiro dos mesmos xa que as previstas son totalmente insuficientes para o número de amarres. Ademais, previamente a calquera construción nesta zona deberase redactar o correspondente plan especial.

A continuación o Sr. Barreiro Lubián presenta un escrito consensuado polos tres grupos municipais o que procede a dar lectura íntegra a Secretaria presente na sesión: “Na Xunta Local de Goberno do 12 de setembro de 2011 tratouse o expediente 189/11 que contiña o estudo previo para a construción de instalacións náutico deportivas en Raxó.

Neste acordo informouse favorablemente a construción e explotación das instalacións náuticas deportivas en Raxó facéndose mención ao contido dos informes técnicos emitidos en canto aos problemas que nesa ubicación plantexan os accesos e o aparcamento.

En calquera caso, o acordo tomado pon de manifesto uns problemas que a ninguén se lle escapan e que se apuntan coa intención de mellorar o estudo previo, mais informando favorablemente a ubicación deste porto deportivo.

Dende o Concello de Poio, considerase que estas cuestións melloran o estudo feito, non sendo competente para condicionar proxectos que se ubican noutro Concello, e que non dubidamos que xa teñen previstos.

Con data 22 de novembro de 2012, por parte da Asociación Club Náutico Raxó, solicítase unha aclaración do acordo tomado por considerar que o acordo favorable está condicionado a solucionar problemas de accesos e aparcamento.

Neste sendo, propónse informar favorablemente o estudo previo sin condicionalo a que se melloren as vías de comunicación e se aumenten as prazas de aparcamento, xa que en calquera caso, a infraestrutura portuaria estará situada no Concello de Sanxenxo.”.

Consta no expediente escrito asinado por D. JCDI en representación da Asociación Club Náutico de Raxó na que solicite que polo pleno se trate a continuidade do proxecto sobre o Porto Deportivo en Raxó.

A secretaria presente na sesión ratifica as consideracións realizadas no informe que obra no expediente 189/11.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Propoñer informar favorablemente o estudo previo sin condicionalo a que se melloren as vías de comunicación e se aumenten as prazas de aparcamento, xa que en calquera caso, a infraestrutura portuaria estará situada no Concello de Sanxenxo.

3761.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE EN RELACIÓN AO DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA O VIH/SIDA O VINDEIRO 01 DE DECEMBRO DE 2012.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura íntegra do texto da moción presentada con data 27 novembro de 2012, número 5841, no Rexistro Xeral do Concello é que di textualmente: “**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Cada 1 de Decembro, conmemórase o Día Internacional de loita contra o VIH/SIDA. Un día crucial para recordar



e dar a coñecer ao mundo a epidemia global causada pola extensión da infección do VIH. Desde o primeiro diagnóstico, no ano 1981, producíronse máis de 25 millóns de mortes relacionadas co VIH/sida en todo o mundo, converténdose nunha das epidemias máis mortais da historia.

A redución das axudas destinadas á prevención, concienciación, investigación e tratamento do virus VIH/SIDA por parte do Goberno de España leva unhas consecuencias sociais e sanitarias que levarán detrimento, un paso atrás nos logros conseguidos na redución e control de devandita infección. Esta decisión supón, xa que logo, un abandono do Goberno español en canto á súa responsabilidade de garantir o acceso igualitario aos servizos de protección socio-sanitaria en todo o territorio e para toda a cidadanía.

Neste sentido, non debemos esquecer o problema engadido da retirada do cartón sanitario aos estranxeiros en situación irregular, as graves consecuencias que terá na saúde individual e colectiva. Esta exclusión do sistema sanitario ou a dificultade de acceso ao tratamento, implican unha deterioración da saúde comunitaria e unha falta de control sanitario respecto da transmisión de enfermidades infectocontagiosas, o que xerará un serio problema de saúde pública. Ademais supón unha violación dos dereitos humanos e contravén o establecido no artigo 43 da Constitución Española onde se recoñece o dereito á protección da saúde.

O aforro económico non xustifica nin compensa un retroceso na resposta do VIH no noso país, posto que a prevención é moito máis rendible que o tratamento posterior da enfermidade e, xa que logo, este aforro non será real se aumenta o número de novas infeccións por VIH.

Esta irresponsabilidade non é unha cuestión exclusivamente sanitaria senón tamén política e xurídica posto que o Goberno de España tomou unha decisión obviar completamente a estrutura institucional recoñecida legalmente para tomar este tipo de decisións, como é a Comisión Nacional de Coordinación e Seguimento de Programas de Prevención da Sida, encargada de coordinar as políticas de prevención do VIH no noso país e na que participan diferentes Ministerios, as Comunidades Autónomas e as ONG, tomando esta decisión sen contar en ningún momento coa opinión dos diferentes axentes que participan nesta Comisión Nacional e sen informar con claridade a estes sobre os termos reais da decisión tomada.

A eliminación destas transferencias económicas ás Comunidades Autónomas poría en perigo a resposta fronte ao VIH/SIDA no noso país. Ata o momento, este diñeiro destinábase á subvención de accións de prevención do VIH desenvolvidas por organizacións sen ánimo de lucro, locais ou autonómicas, entidades especializadas en atención e prevención do VIH que desenvolvían accións con colectivos aos que o sistema público non chega.

Para chegar a ser o que somos na actualidade, foi imprescindible o traballo anónimo de moitas persoas, asociacións LGTB e ONG's. As súas achegas en educación, apoio psicolóxico, en comunicación e sensibilización sobre o VIH/SIDA levou á loita frontal contra a incompreensión e intolerancia, alicerce indispensable para este avance. E sería un erro non recoñecer o seu labor e non recordalo, nestes momentos, en que por fin se conseguiron certos avances importantes.

Así mesmo, a decisión unilateral tomada polo Goberno Central suporía un claro retroceso na resposta fronte ao VIH/SIDA, e contradiría claramente os acordos internacionais (tanto económicos como políticos) que asumiu o goberno español ante organismos como o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/SIDA (ONUSIDA), a Asemblea Xeral de Nacións Unidas (UNGASS), a Organización Internacional do Traballo (OIT) ou o Parlamento Europeo (PE), para garantir os programas de VIH cara ao “Obxectivo Cero”: un mundo con cero novas infeccións polo VIH, cero discriminación e cero mortes relacionadas co VIH/SIDA.

En consecuencia, propoñemos que o Pleno deste Concello adopte os seguintes ACORDOS

- 1.- Que como compromiso do consistorio, publíquense en todos os espazos de publicidade de titularidade pública cartelería e dípticos sobre campañas de concienciación e prevención do VIH/SIDA. Sobre todo naqueles edificios públicos onde os usuarios sexan os máis novos. E que dito compromiso complementétese ao longo da lexislatura con programas de prevención do VIH/SIDA, colaborando con asociacións, colectivos LGTB e/ou ONG's, referentes no noso territorio.

- 2.- Que como xesto de apoio e sensibilidade do goberno municipal fronte ao VIH/SIDA e do resto de forzas políticas, esténdase un gran lazo vermello no edificio do concello.

- 3.- Que sexa o goberno municipal quen traslade aos movementos asociativos LGTB da cidade e da Comunidade Autónoma, á Consellería de Sanidade e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, mediante comunicado oficial:

- O seu rexeitamento ante a retirada do cartón sanitario a inmigrantes non regularizados, non só por motivos solidarios e de xustiza social, senón tamén de saúde pública, fronte a casos como as infeccións por VIH/SIDA.
- O seu posicionamento a favor da recuperación do Plan Nacional Sobre a SIDA, como organismo coordinador, e a elaboración dun novo Plan Multisectorial fronte ao VIH/SIDA. E que se consignent explicitamente as partidas económicas para iso nos Orzamentos Xerais do Estado que se elaboren nos próximos anos.

- O seu apoio á existencia e desenvolvemento dos Plans ou Servizos Autonómicos de resposta ao VIH; garantindo ademais a continuidade dos programas desenvolvidos polas ONG co fin de evitar a desatención das miles de persoas que están detrás destes servizos.

- A súa vontade para que todos os estamentos públicos cumpran cos acordos internacionais no ámbito do VIH/SIDA que o noso país comprometeuse fronte a ONUSIDA, UNGASS, OIT e o Parlamento Europeo, todos eles para alcanzar o “OBXECTIVO CERO: un mundo con cero novas infeccións por VIH, cero discriminación e cero mortes relacionadas coa SIDA”

A súa vontade de reivindicar a aclaración por parte do Goberno de España e a Consellería de Sanidade as consecuencias da aplicación do Real Decreto-Lei, de 20 de abril, que pretende ou vai supor para as persoas con VIH/SIDA, o pago do 50% do tratamento ambulatorio que reciben nos hospitais.”.

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros acordou aprobar a moción presentada nos seus propios termos.

**3762.- PRÓRROGA DO PROTOCOLO DE ADHESIÓN DO CONCELLO Á REDE DE CENTROS PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (REDE CEMIT).**- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria presente na sesión do acordo número 3468 adoptado polo pleno en sesión realizada o 28 de decembro de 2010 no que se aprobou a adhesión á Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica e recibido escrito da Axencia para a Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia de data 13 de novembro de 2012, con data de entrada no Rexistro Xeral o 16 de novembro de 2012, número de entrada 5631 no que se solicita acordo expreso deste Concello de solicitude de prórroga ao Protocolo de Adhesión á Rede Cemit, a partir do 31 de decembro de 2012, de conformidade co establecido na cláusula 4ª do devandito convenio, corresponde n

Consta no expediente informe emitido polo Departamento de Intervención de data 22 de novembro de 2012 no que informa “que a previsión do gasto de contratación da axente TIC (que comprende soldo bruto e custo de cotización a Seguridade Social a cargo da empresa) ascenderá no vindeiro exercicio 2013 a 23.476,32 €.

Que a porcentaxe de subvención a conceder pola Xunta de Galicia ao abeiro da axuda mencionada ascenderá como máximo o 80% dos custos, é dicir, 18.781,06 € debendo ser o importe restante 4.695,26 € aportado con cargo aos fondos propios do Concello.

En virtude do exposto deberase consignar crédito suficiente e adecuado no vindeiro 2013 para a contratación exposta no caso de querer proceder á prórroga do protocolo de adhesión do Concello á Rede CeMIT.”.

O Sr. Alcalde quere poñer de manifesto que a valoración realizada polo Axencia de Tecnoloxía é favorable sendo tamén valorado de forma moi positiva polo Concello e que sería importante que a Xunta de Galicia para o exercicio 2013 incluíse unha aplicación presupostaria que permita o mantemento deste servizo.

Pola Sra. Secretariaponse de manifesto que se incorporará ao expediente o correspondente informe, que en materia de persoal corresponda.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Solicitar unha prórroga ao Protocolo de adhesión á rede de Centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Poio así como axuda correspondente ao 80%.

**Segundo:** O Concello comprométese á consignar no exercicio 2013 a cantidade correspondente ao 20% restante.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da devandita prórroga.

**Cuarto:** Remitir o presente acordo antes do 10 de decembro de 2012 á Axencia para a Modernización Tecnolóxica.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Pola Concelleira Margarita Caldas Moreira solicítase a palabra a que procede a dar lectura ao seguinte escrito: “Os abaixo asinantes, Patróns Maiores das Confrarías integrantes do Plan de Explotación Conxunto para o Marisqueo a Pé do fondo da Ría de Pontevedra. Polo presente queremos amosar o noso total apoio e compromiso coa moción do pleno do Concello de Poio na que se insta ao goberno galego a que demande do goberno español o establecemento dun catálogo de doenzas profesionais no sector de marisqueo a pé a fin de permitir o acceso a prestacións económicas no caso de baixas orixinadas por enfermidades que teñan vinculación coa súa actividade profesional, e na que se insta así mesmo ao goberno galego a que demande do español o incremento dos coeficientes reductores da idade de xubilación no sector de marisqueo a pé.

Dende as confrarías do fondo da Ría de Pontevedra hai anos que se está a loitar non só para que se recoñezan as doenzas propias do sector de marisqueo a pé, senón tamén para que, dadas as características particulares de faena, se forme aos mariscadores na prevención de ditas doenzas e se lles facilite ao acceso aos profesionais que lles poidan axudar na mesma (fisioterapeutas, traumatólogos, masaxistas, ximnacios...)

Coidamos que toda a formación e prevención son imprescindibles para minimizar as doenzas propias do sector, e ao mesmo tempo, dadas as particularidades das mesmas, se deben de regular adecuadamente as prestacións e os coeficientes reductores de xeito que un sector de tanta raigante en Galicia estea protexido, de aí o noso total apoio á moción do Concello de Poio”

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.